

Estimadas familias,

Durante este primeiro trimestre do curso estamos realizando diferentes actividades, proxectos e celebracións que estades coñecendo grazas a información dos profesores, de Dirección e tamén das nosas redes sociais ás que vos invitamos que visitedes.

Primeiramente, queremos agradecervos a vosa asistencia ás reunións cos titores, onde tedes a oportunidade de coñecer o noso plan xeral e de ver o desenvolvemento integral dos vosos fillos, tanto no ámbito educativo, como social.

Agradecemos a vosa colaboración na campaña do DOMUND para axudar aos máis desfavorecidos. Ademais destacamos a vosa implicación na campaña de recollida de alimentos infantís para Valencia.



Esperamos tamén que o **31 de outubro** os nosos alumnos se divirtisen na festa de **Samaín** con moitas sorpresas e xogos para todos, así como na festa do Magosto do día **8 de novembro**, onde desfrutamos coa música e degustamos castañas e outros produtos de tempada.



A semana do **20 ao 24** de novembro traballaremos os **Dereitos da Infancia** cun proxecto de UNICEF de sensibilización cos alumnos.



Festexaremos **Santa Cecilia o 22 de novembro**, e realizaremos distintas actividades relacionadas coa música.

O **luns 25** daremos a coñecer a tradición anglosaxona do *Thanksgiving* ou día de **Acción de Grazas**. Unha boa oportunidade para sensibilizar aos alumnos, nas clases de inglés, sobre importancia de dar grazas por todo o que temos.



De cara ao **día 25, Día Internacional da eliminación da violencia de xénero**, seguiremos traballando no centro o **rincón violeta**, co que se trata de concienciar ao noso alumnado da importancia da erradicación da violencia que se exerce, aínda hoxe, sobre unha boa parte de mulleres en todo o mundo.

O **día 27** adicáremolo á Virxe **Milagrosa**, cunha celebración na capela do centro presidida polo noso bispo don Antonio.



Xa no mes de decembro, participaremos, como en anos anteriores, na campaña de recollida solidaria organizada polo **Banco de Alimentos**.

Animámosvos a ter **reunións cos titores** para facer un seguimento da evolución académica dos vosos fillos e así conseguir os mellores resultados nesta 1ª avaliación.

Lembrámosvos ademáis que no mes de novembro está a producirse o proceso electoral do Consello Escolar, do cal xa vos imos informando estes días (revisade o calendario).

Na semana final recibiremos no colexio a visita máis esperada: SSMM os **Reis Magos** de Oriente.

E xa rematando o trimestre, estades invitados ao tradicional **festival de Nadal** o **día 19 de decembro** pola tarde no centro. Ao finalizar poderemos participar na chocolatada organizada pola ANPA.

As notas entregaranse o **20 de decembro**, último día de clase antes das vacacións de Nadal. Ese día só haberá clase pola mañá e comedor ata as 15:00 horas.

As vacacións de Nadal abranguerán do 23 de decembro ata o día 7 de xaneiro. Volvemos a clase o mércores, 8 de xaneiro.



A Dirección